




Área / Unidad MOVILIDAD URBANA MU1100C NCB	Documento 8511510218	
Código de verificación  0R6Q 3A6Z 3I57 2G1F 16NU	Expediente 851/2021/22	
	Fecha 11-11-2021	

## **PRÓRROGA TRANSITORIA DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DE FLEXIBILIZACIÓN PARA A INSTALACIÓN DE TERRAZAS TRAS O REMATE DA SITUACIÓN DE EMERXENCIA SANITARIA, ATÉ A MODIFICACIÓN DA ORDENANZA.-**

### **ANTECEDENTES**

Primeiro.- A Alcaldía-Presidencia mediante Decreto de 12.03.2020, declarou a situación de extraordinaria e urxente necesidade como consecuencia da pandemia provocada polo COVID-19. Incluía medidas precisas para garantir a seguridade e salubridade públicas, o funcionamento dos servizos imprescindibles e, en xeral, todas as que se consideren necesarias para facer fronte á crise sanitaria actual e ás súas consecuencias.

Logo da declaración do estado de alarma e a aprobación de sucesivas prórrogas, o Goberno do Estado, o 28 de abril aprobou o denominado Plan para a Transición cara a unha Nova Normalidade, que se aplicou gradualmente en catro fases.

Segundo.- A Orde SND/386/2020, do 3 de maio, que flexibiliza determinadas restricións sociais e determina as condicións de desenvolvemento da actividade de comercio comerciante polo miúdo e de prestación de servizos, así como das actividades de hostalería e restauración nos territorios menos afectados pola crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, regula, no seu artigo 12, a reapertura das terrazas dos establecementos de hostalería e restauración, limitando ao cincuenta por cento as mesas permitidas no ano inmediatamente anterior en base á correspondente licenza municipal.

O Consello da Xunta de Galicia apreciou, en acordo do día 12 de xuño, como autoridade sanitaria, que a Comunidade Autónoma de Galicia, como unidade territorial, está en condicións de superar a fase III do Plan para a desescalada das medidas extraordinarias adoptadas para facer fronte á pandemia de COVID-19 e, por tanto, en condicións de entrar na «nova normalidade».

Na súa condición de autoridade sanitaria, adoptou, a través do mencionado acordo, medidas de prevención para facer fronte sen dilación, tras a superación da fase III, ás necesidades urxentes e extraordinarias derivadas da crise sanitaria do COVID-19, de xeito que quede garantido, por unha banda, que a cidadanía evite comportamentos que xeren riscos de propagación da enfermidade e, por outra banda, que as actividades en que poida xerarse un maior risco de transmisión comunitaria da enfermidade se desenvolvan en condicións que permitan en todo momento previr os riscos de contaxio.

No apartado 3.11 do Anexo regula os aforamentos dos establecementos de hostalaría e restauración:

#### *3.11. Establecementos de hostalaría e restauración.*



*1. Os establecementos de hostalaría e restauración non poderán superar o setenta e cinco por cento da súa capacidade para consumo no interior do local.*

*2. O consumo dentro do local poderá realizarse en barra ou sentado en mesa, ou agrupacións de mesas, e deberase asegurar o mantemento da debida distancia de seguridade interpersoal entre clientes ou, de ser o caso, grupos de clientes situados na barra ou entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas.*

*3. As terrazas ao aire libre dos establecementos de hostalaría e restauración limitarán a súa capacidade ao oitenta por cento das mesas permitidas no ano inmediatamente anterior con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso que a licenza sexa concedida por primeira vez.*

*Consideraranse terrazas ao aire libre todo espazo non cuberto ou todo espazo que, estando cuberto, estea rodeado lateralmente por un máximo de dúas paredes, muros ou paramentos.*

*No caso de que o establecemento de hostalaría e restauración obtivese o permiso do concello para incrementar a superficie destinada á terraza ao aire libre, poderase incrementar o número de mesas previsto no primeiro parágrafo deste número 3, respectando, en todo caso, unha proporción do oitenta por cento entre mesas e superficie dispoñible e sempre que se manteña o espazo necesario para a circulación peonil no tramo da vía pública en que se sitúe a terraza.*

*4. En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser o caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de vinte e cinco persoas por mesa ou agrupación de mesas.*

A resolución de 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta, de 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, dispón que os efectos se manterán ata o levantamento da declaración de situación de emerxencia sanitaria de interese galego.

Terceiro.- O Goberno Municipal considerou procedente manter e adaptar as medidas extraordinarias de flexibilización para a instalación de terrazas, mentres se manteña a declaración de situación de emerxencia sanitaria, estendéndoa a algunha zona non prevista na Resolución anterior (resolución RES/AYT/5339/2020, do 8 de maio de 2020), así como ás rúas nas que non é posible a instalación de terrazas e as rúas declaradas peonís entre o 1 de xullo e o 15 de setembro, polo que a resolución da Concellaría de Urbanismo, Vivenda, Infraestrutura e Mobilidade do 26 de xuño de 2020 (RES/AYT/7790/2020) aprobou as **instrucións** para instalar terrazas **durante a situación de emerxencia sanitaria de interese galego** declarada por Resolución de 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta, de 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara unha nova normalidade.

Mediante resolución do 07.09.2020 (RES/AYT/10938/2020) prorrogouse a vixencia das instrucións ata o 31 de xaneiro de 2021.



Cuarto.- Como reforzo das medidas sanitarias, mediante resolución do 07.01.2021 (RES/AYT/227/2021), por delegación da Xunta de Goberno Local, esta Concellaría Delegada modificou as instrucións citadas, incluíndo a posibilidade de desenvolvemento lonxitudinal da terraza de cada establecemento hostaleiro.

Quinto.- O informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 13 de xaneiro de 2021 situaba as taxas de incidencia acumuladas a 3, 7 e 14 días en niveis moi elevados, cunha clara tendencia ascendente. Neste contexto, o informe recomenda adoptar as medidas correspondentes ao nivel máximo de restricións nos concellos, como o da Coruña, de máis de 10.000 habitantes cunha incidencia acumulada a 14 días superior a 250 casos por cada 100.000 habitantes ou que evolucionan de xeito acelerada cara a ese nivel.

Neste contexto de incremento das medidas que pretenden restrinxir ao máximo a interacción social e a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, e no mesmo sentido que a resolución desta Concellaría Delegada do 8 de xaneiro de 2021 que prorrogou a duración das peonalizacións ou declaración de vías de preferencia peonil de diversas rúas da cidade ata a finalización do estado de alarma, prorrogouse novamente a vixencia das instrucións mentres continuara a situación de crise sanitaria, e de xeito concreto ata o vindeiro 9 de maio de 2021, ás 00.00 horas, data de finalización do estado de alarma declarado polo Real Decreto 956/2020, do 3 de novembro. Nesta resolución de prórroga, ditada o 18 de xaneiro do 2021 (RES/AYT/1806/2021), indicouse que de prorrogarse o estado de alarma, a vixencia destas instrucións adaptaríaase tamén a esta circunstancia.

Sexto.- Logo da finalización o día 9 de maio do 2021 da prórroga do estado de alarma establecida polo Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, a Xunta de Galicia como autoridade sanitaria nesta crise, e no marco da situación de emerxencia sanitaria de interese galego declarada pola Resolución do 12 de xuño de 2020 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, aprobou a través da súa Consellería de Sanidade, a *ORDE do 7 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia tendo en conta a finalización da prórroga do estado de alarma establecida polo Real decreto 956/2020, do 3 de novembro* (DOG núm. 86-Bis do 07.05.2021).

Nese momento resulta evidente que, ante o inminente decaemento do estado de alarma e dado que a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia así o exige, é imprescindible a adopción por parte das autoridades sanitarias autonómicas de medidas de prevención coas cales facer fronte á crise sanitaria derivada da COVID-19. A adopción das medidas recollidas nesta Orde vén determinada pola evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, segundo resulta do Informe da Dirección Xeral de Saúde Pública do 6 de maio de 2021; imperan na adopción destas medidas os principios de prudencia e precaución que impregnan a regulación desta materia na lexislación sanitaria e téñense en conta as especificidades propias da comunidade autónoma.

Sétimo.- No apartado Noveno da dita Orde do 7 de maio do 2021 establécese en relación ao *Plan de hostalaría segura*, posto en marcha a través da Orde do 25 de febreiro de 2021, que continuará a desenvolverse nas súas liñas fundamentais, e que, consonte coa súa consideración de plan sanitario para os efectos do previsto no artigo 80 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, as entidades locais participarán na súa aplicación e cumprimento mediante o exercicio das súas competencias de control sanitario establecidas na lei.

No Anexo I da dita Orde de 7 de maio do 2021 recóllense varias medidas de prevención específicas, como por exemplo as seguintes:



## 1.- Obrigas xerais:

1.3. Distancia de seguridade interpersoal. Deberá cumprirse a medida de mantemento da distancia de seguridade interpersoal establecida pola Lei 2/2021, de 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, de polo menos, 1,5 metros ou, na súa falta, medidas alternativas de protección física con uso de máscara, de hixiene adecuada e etiqueta respiratoria.

## 3. Limitacións de capacidade e medidas de prevención específicas por sectores.

### 3.22. Hostalaría e restauración.

1. A prestación de servizos de hostalaría e restauración en bares, cafeterías e restaurantes axustarase ás seguintes regras, en función dos datos epidemiolóxicos existentes nos correspondentes concellos:

d) Nos concellos enumerados na letra D do anexo II da presente orde (entre os que está o concello da Coruña), os establecementos poderán prestar servizos de recollida no local e consumo a domicilio, de entrega a domicilio, de terraza co setenta e cinco por cento (75 %) da capacidade máxima permitida con base na correspondente licenza municipal ou do que sexa autorizado para este ano, no caso de que a licenza sexa concedida por primeira vez, e tamén servizo no interior cunha ocupación do 50 %. Non se poderá prestar servizo na barra.

En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, de ser so caso, agrupacións de mesas, e respectaranse nas mesas as limitacións que se establezan para grupos de persoas no correspondente ámbito territorial.

O horario de peche ao público será ás 23.00 horas. Os establecementos que teñan título municipal habilitante de restaurante disporán da opción de ampliar o seu horario ata as 1.00 horas exclusivamente para o servizo de ceas, sempre que cumpran os requisitos que se determinen para este caso nas medidas aprobadas pola consellería competente en materia de sanidade no marco do Plan de hostalaría segura e sen que poidan admitirse novos clientes a partir das 00.00 horas.

Os establecementos poderán prestar servizos de recollida no local e consumo a domicilio ou ben servizo de entrega a domicilio ata as 1.00 horas. Neste caso, a permanencia nestes establecementos deberá ser a estritamente necesaria. En todo caso, evítanse aglomeracións e controlárase que consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.

Oitavo.- Á vista de todo o exposto, o goberno municipal, consonte coa evolución da pandemia provocada polo coronavirus e da crise sanitaria que aínda non rematou, da situación especial que segue a padecer o sector da hostalaría e restauración respecto das medidas restritivas do aforamento dos locais e terrazas e de horarios reducidos, así como a necesidade de gardar distancias de seguridade interpersoal, prorrogou mediante resolución de data 12.05.2021 (RES/AYT/11224/2021) a vixencia das instrucións para a instalación de terrazas durante a situación de emerxencia sanitaria de interese galego declarada por Resolución do 12 de xuño de 2020 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, esta prórroga da vixencia das instrucións debía ser obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, a vixencia poderá ser novamente prorrogada ou rematada, segundo a evolución da dita crise sanitaria e a adopción de novas medidas de prevención. Ademais, nesta resolución engadiuse un apartado 7º para recoller a posibilidade de



instalar, mediante solicitude individualizada e a través de autorización expresa, terrazas en prazas de aparcamento situadas diante dos locais de hostalaría, de xeito excepcional e aínda que non se dea a condición do ancho da beirarrúa indicada no apartado 3º.1 das instrucións.

### CONSIDERACIÓNS

Noveno.- Na actualidade, dende o 21.10.2021 rematou a situación de emerxencia sanitaria en Galicia, segundo a Resolución de 21.10.2021, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se deu publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia da mesma data pola que se declarou a finalización da dita situación. Esta declaración supuxo a perda de efectos das medidas recollidas como anexo ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, de 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara unha nova normalidade.

Malia isto, a Xunta de Galicia, mediante a Orden de 14 de setembro de 2021 aproba o novo Plan de hostelería segura da Comunidade Autónoma de Galicia e mediante a Orde do 29 de setembro de 2021 aproba o novo Plan de lecer nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia. Nestes plans establécense aínda restricións no horario de peche dos locais de hostalaría, aínda que xa fixou horarios máis amplos para determinados locais, así como distancias de seguridade, medidas de aforo e protocolos de actuación.

De xeito reiterado, mediante as Ordes do 21 e 22 de outubro de 2021 prorróganse e modifícanse as Ordes anteriores atendendo á evolución da situación epidemiolóxica, que fai necesario que as autoridades sanitarias autonómicas sigan adoptando determinadas medidas de prevención orientadas a conter a propagación da infección e dirixidas a facer fronte á crise sanitaria derivada da COVID-19. De acordo co exposto, continúanse establecendo unha serie de intervencións públicas necesarias para garantir os dereitos e deberes sanitarios da cidadanía e, en particular, adoptar as medidas preventivas en materia de saúde pública previstas no artigo 38 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, que sexan necesarias atendendo á evolución da pandemia.

Polo tanto, aínda que xa se declarou o remate da situación de emerxencia sanitaria, de momento non rematou a situación extraordinaria causada por esta pandemia, aínda que é evidente que vaise recuperando a normalidade ante a situación actual de mellora das condicións sanitarias e de adazo, incluíndo nesta nova etapa xa a apertura da hostalaría e do ocio nocturno cos horarios case habituais pero coa adopción de diversas medidas preventivas tal e como se indicou. Ademais, en cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, serán obxecto de seguimento e avaliación continua, co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria

En conclusión, coa finalidade de seguir favorecendo a actividade de hostalaría nun contexto de prevención xeral e cumprimento das medidas preventivas sanitarias contidas na ditas Ordes, ao tempo que non se descoida a calidade do espazo urbano e se garante a convivencia das actividades hostaleiras coa utilización do espazo público por persoas que camiñan, cómpre prorrogar a vixencia das instrucións durante a vixencia destas medidas preventivas adoptadas tras o remate da situación de emerxencia sanitaria. De xeito igual que se produce coa evolución das medidas preventivas, esta prórroga deberá ser obxecto de seguimento e avaliación continua coa finalidade de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria, en cumprimento dos principios de necesidade e proporcionalidade.



Por último, cómpre iniciar o procedemento para adaptar a Ordenanza reguladora da instalación de terrazas en espazos de uso público para permitir de xeito permanente a instalación de terrazas en prazas de aparcamento e a súa regulación e condicións, ao abeiro da posibilidade de continuación de ocupación deste espazo das vías públicas que se iniciou cunha situación extraordinaria provocada pola pandemia ocasionada polo COVID-19, e que conta co respaldo municipal para ser converter nunha situación permanente en tanto que o sector da hostalaría poida ocupar prazas de aparcamento coa instalación de terrazas e compartilo coas persoas, tendo en conta ademais que se libera espazo nas beirarrúas para acadar itinerarios peonís accesibles, e cumprir así coa normativa vixente nesta materia. Ademais, este tipo de instalación axuda na concienciación social da constante idea de reducir o uso do vehículo privado e o espazo que este ocupa nas rúas da cidade e acadar un uso máis racional do espazo público.

Esta modificación, que deberá seguir o procedemento específico regulado no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases do réxime local, comezará co trámite de consulta previa establecido no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ao considerarse que supón un impacto significativo na actividade económica e a regulación de aspectos esenciais da dita normativa regulamentaria. Cómpre considerar un prazo dun mes para dar a posibilidade dunha ampla participación á cidadanía.

Á vista de todo o anterior, en virtude das competencias que legalmente me foron delegadas pola Xunta de Goberno Local, mediante acordo adoptado na súa sesión do 28.06.2019 (BOP núm. 124, do 03.07.2019), e no exercicio das funcións atribuídas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, dito a seguinte

### **RESOLUCIÓN**

**Primeiro.- Prorrogar** a vixencia das *“Instrucións para a instalación das terrazas durante a situación de emerxencia sanitaria de interese galego declarada por Resolución do 12 de xuño de 2020 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade”*, na súa redacción aprobada por resolucións desta Concellaría delegada de 07.01.2021 (RES/AYT/227/2021) e 12.05.2021 (RES/AYT/11224/2021), durante a vixencia das medidas de prevención específicas que adopte a autoridade sanitaria autonómica en relación co sector da hostalaría e restauración, tras o remate da situación de emerxencia sanitaria, e tendo en conta que de se modificar ou de rematar das ditas medidas de prevención, a vixencia destas instrucións adaptárase tamén a estas circunstancias.

**Segundo.- Considerar esta prórroga de xeito transitorio** até a modificación da Ordenanza municipal de instalación de terrazas en espazos de uso público, para consolidar a posibilidade desta instalación en prazas de aparcamento e iniciar os trámites necesarios para a dita modificación, dispoñendo a preparación e realización do trámite de consulta pública previa á elaboración do proxecto de modificación da dita Ordenanza municipal, mediante a inserción por un prazo dun mes dun anuncio na web do Concello da Coruña e na web municipal de Mobilidade, coa finalidade de solicitar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura modificación acerca dos contidos indicados no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

Por delegación da Xunta de Goberno Local (acordo do 28.06.2019, BOP núm. 124 do 03.07.2019)



O concelleiro delegado de Urbanismo, Infraestrutura, Vivenda e Mobilidade